

PREMIO XELA ARIAS

O Premio Xela Arias está promovido pola Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación, que ten entre os seus fins:

- Contribuír á mellora das condicións laborais das/os tradutoras/es e intérpretes no mercado galego a través da relación con empresas, clientes e institucións implicadas na actividade profesional da tradución e da interpretación.
- Promover o uso da lingua galega no mercado da tradución e da interpretación en todos os sectores económicos galegos.
- Organizar actividades formativas, divulgativas e culturais relativas á profesión.

Por este motivo, a asociación decidiu en 2018 crear un premio que permita recoñecer e divulgar o labor de empresas, entidades ou persoas que contribúan a defender ou a dar a coñecer o traballo dos e das profesionais da tradución e da interpretación no mercado galego e en lingua galega, así como a profesión en si mesma.

Escolleuse o nome de Xela Arias para este premio por ser unha figura destacada da tradución ao galego, pois foi a responsábel das versións na nosa lingua de obras de James Joyce, Gianni Rodari, Jorge Amado ou Roald Dahl, polo que tamén a divulgación da figura e obra de Xela Arias é un dos obxectivos da creación deste premio.

Para isto, o Premio Xela Arias outorgarase de acordo coas seguintes bases.

BASES DO VI PREMIO XELA ARIAS

1. O Premio Xela Arias concédese anualmente a unha empresa, entidade ou persoa que se distinga pola promoción ou defensa da tradución ou da interpretación no mercado galego e en lingua galega.
2. As candidaturas para o VI Premio Xela Arias pódense presentar de calquera das seguintes formas:
 - Calquera empresa, entidade ou particular pode presentar unha ou varias candidaturas enviando ao enderezo electrónico da Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (info@agpti.org) unha proposta que inclúa o nome e os datos de contacto da persoa, empresa ou entidade candidata, xunto cunha xustificación da candidatura.
 - Os membros do xurado poden propor unha ou varias candidaturas.
3. O prazo para a presentación de candidaturas comeza o día 30 de setembro de 2023 e remata o día 29 de outubro de 2023.
4. O xurado do VI Premio Xela Arias estará formado polos e polas compoñentes da Xunta Directiva da Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (AGPTI) e mais por unha representación da entidade gañadora do ano anterior (A Mesa pola Normalización Lingüística). A asociación tamén pode convidar a formar parte do xurado as entidades, empresas ou particulares que considere. A presidencia do xurado recaerá na presidencia da AGPTI.
5. O xurado seleccionará a empresa, entidade ou persoa premiada tendo en conta os obxectivos e a finalidade do premio, e pode optar por deixalo deserto. A súa decisión será inapelábel.
6. O premio farase público o día 2 de novembro de 2023, coincidindo co 20.º cabodano de Xela Arias, polos medios que determine a Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación.
7. O premio ten carácter simbólico.
8. A empresa, entidade ou persoa premiada poderá mencionar na súa comunicación externa e interna a posesión deste premio.